

PAU (MAIORES DE 25 ANOS)
Convocatoria 2021
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
LATÍN (Cód. 24)

1.- **TRADUCCIÓN:** cualifícase entre CERO (0) e CINCO (5) puntos. Valórase a exactitude e a precisión no contido e a corrección do resultado na lingua de destino. Unha posible tradución dos textos propostos é a seguinte:

Texto 1:

Rómulo, unha vez fundada a cidade, á que chamou Roma a partir do seu propio nome, levou a cabo isto: recibiu unha multitude de viciños na cidade; elixiu cen de entre os máis anciáns, aos que denominou senadores pola súa senectude.

Texto 2:

Movida pola fame unha raposa nunha alta viña
un acio de uvas intentaba coller saltando con todas as forzas;
como non puido tocalas, marchándose di:
“Aínda non están maduras; non quero collelas verdes”.

2.- **GRAMÁTICA:** cualifícase entre CERO (0) e UN (1) punto. Valórase que se expliquen correctamente todas as unidades morfolóxicas do fragmento sinalado e as estruturas sintácticas a que dan lugar. Considérase válido calquera método de análise correcto. Unha posible maneira de análise é a seguinte:

Texto 1:

Oración subordinada de relativo integrada por:

quam: pronome relativo feminino en acusativo singular, que remite a *civitate*, Complemento Directo.

ex nomine suo: sintagma preposicional que fai a función de Complemento Circunstancial de procedencia; está integrado pola preposición *ex* e polo ablativo singular do substantivo neutro *nomine*, que vai modificado polo adxectivo posesivo *suo*.

Romam: substantivo feminino en acusativo singular, Complemento Predicativo do Complemento Directo.

vocavit: verbo en terceira persoa singular do pretérito perfecto de indicativo en voz activa, Predicado.

Texto 2:

Oración complexa integrada por:

nolo: verbo en primeira persoa singular do presente de indicativo en voz activa, Predicado.

acerbam sumere: estrutura de infinitivo Complemento Directo de *nolo*, na que *acerbam*, adxectivo en acusativo singular feminino (sobreenténdese *uvam*), é o Complemento Directo do infinitivo presente activo *sumere*.

3.- TEORÍA: cualifícase entre CERO (0) e CATRO (4) puntos, DOUS (2) puntos máximo para cada unha das dúas preguntas que hai que responder das catro propostas. No caso de responder a máis de dúas cuestións tense só en conta as dúas contestadas en primeiro lugar. Valórase a exactitude, cantidade e calidade dos contidos referidos exclusivamente ao tema preguntado, e a claridade e corrección da exposición.

1) Hai que sinalar o prefixo de orixe latina e explicar o significado que aporta nas palabras propostas:

- "Antediluviano": “ante-” significa “anterior”, “anterior ao diluvio”.
- "Contraproducente": “contra-” significa “contrario” ou “oposto”, “que produce algo contrario ao desexado”.
- "Desculpar": “des-“, derivado de “dis-“ indica “privación” ou “negación”, “liberar de culpa”.
- "Interdixital": “inter-“ significa “entre”, “situado entre os dedos”.

2) Hai que explicar o significado das expresións propostas:

- "A posteriori": con posterioridade.
- "De incognito": sen ser recoñecido.
- "Ipso facto": no mesmo momento, inmediatamente.
- "Motu proprio": por propia iniciativa.

3) Débese explicar o significado dos diferentes topónimos de orixe latina:

- "Caldelas": deriva de “Aguas Calidas” a partir do diminutivo “Calidellas”, “Augas Quentes ou Termas”.
- "Compostela": a interpretación popular faino derivar de “Campus Stellae”, “Campo da Estrela”; outra interpretación explica que deriva de “Compositum”, “Lugar de Enterramento”.
- "Fisterra": deriva de “Finis Terrae”, “Fin da Terra”.
- "Vigo": deriva de “Vicus”, “Aldea”.

4) Débense explicar as principais características que definen a obra oratoria de Cicerón e citar algunhas das súas obras máis representativas.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2021

Asdo.: José Carracedo Fraga

Presidente da Comisión de Avaliación